

A Xunta de Persoal da área sanitaria de A Coruña- Cee solicita o cese de Don Luis Verde Remeseiro, Xerente desta área sanitaria

A Comisión de Centro do CHUAC expuxo en varias reunións as condicións nas que se presta a asistencia ás/ós pacientes de saúde mental no servizo de urxencias. Non hai nin os espazos suficientes nin persoal específico para dar unha correcta atención.

Determinados pacientes precisan dunha supervisión individualizada (por prescrición facultativa), que en numerosas ocasións non se respecta e unha soa TCAE ten que facerse cargo de dous pacientes á vez, polo que tampouco se pode prestar a atención pautada.

En varias reunións informouse da falta de camas da unidade psiquiatría de agudos de Oza o que revirte sobre as urxencias do HUAC xa que os/as pacientes permanecen días ou semanas neste servizo. A medida adoptada pola Xerencia foi a de adxudicar dúas habitacións (4 camas) da unidade de rehabilitación, poñendo unha/un enfermeira/o na porta destas habitacións vixiando, medida insuficiente e indigna para os/as pacientes e profesionais.

A última vez que se tratou esta problemática foi na reunión paritaria mantida coa Xerencia e a Comisión de Centro do CHUAC, o día 27 de decembro. Nesta reunión a Xerencia di ter 34 camas para ingresos na unidade de psiquiatría, cando realmente son 30. Tamén fala de adoptar medidas como derivar ingresos a outras áreas sanitarias e a hospitais concertados, ao que a Comisión lle contesta que esta medida xa leva tempo aplicándose e non é suficiente.

Tamén informa da ampliación da unidade de agudos de psiquiatría (medida que leva anunciada hai anos), que xa teñen aprobación para acometer a reforma da unidade de rehabilitación, quedando así a primeira planta do Hospital de Oza como unidade de hospitalización de agudos e que se iniciará en xaneiro. A día de hoxe, 10 de febreiro, non está iniciada a obra. Este problema que leva anos acontecendo, poñendo en risco a pacientes e traballadoras/es, do cal foi informada en reiteradas ocasións polos órganos de representacións das traballadoras sen aportar solucións.

A Comisión de Centro de Atención Primaria da área sanitaria de A Coruña- Cee leva desde o 2020 denunciando a falta de seguridade dos/as profesionais que traballan no servizo de atención primaria de Curtis- Teixeira. En Xaneiro de 2024 a Dirección da área sanitaria de A Coruña- Cee aprobou o protocolo "Asistencia en atención primaria a reclusos do centro penitenciario de Teixeira pola área sanitaria de A Coruña- Cee", este establece unha serie de medidas e pautas sobre avisos, traslados e custodia aos reclusos

para que a asistencia se realice nas mellores condicións de protección da seguridade tanto das/os profesionais como das/os usuarias/os dos centros sanitarios. Entre outras medidas, mencionase o obrigatorio acompañamento das forzas da orde pública cando o recluso é trasladado ao centro sanitario ou é preciso mobilizalo en transporte sanitario urxente ao HUAC. Pois ben, este protocolo xa foi incumprido en varias ocasións xa que houbo mobilización de reclusos ao servizo de atención primaria de Curtis- Teixeira e traslado de reclusos do centro penitenciario ao CHUAC (co persoal do servizo de atención primaria) SEN as forzas da orde. Isto está a poñer en perigo a seguridade das/os profesionais do servizo de atención primaria de Curtis- Teixeira.

A raíz da agresión ao enfermeiro no servizo de urxencias do HUAC constatouse no comité de seguridade e saúde da área sanitaria a falta de protocolos de atención a pacientes potencialmente agresivos. Neste Comité faise entrega dos seguintes protocolos:

- “Protocolo de actuación en urxencias psiquiátricas”: documento realizado en 2012. Nesta data as urxencias estaban situadas noutra ubicación do complexo (4º planta) e as súas dimensións e espazos eran totalmente diferentes. Se ben é certo, o protocolo é de manexo xenérico de este perfil de doentes e non atende de forma clara aos espazo e tampouco contempla a actividade de prevención e protección aos traballadores no seu ámbito diario ante as citadas situacións. Ademais os traballadores indican que non son coñecedores de dito protocolo, que esta obsoleto e ademais a maioría non estaban traballando en dito servizo nesas datas.
- “Protocolo de actuación de urxencias psiquiátricas en pediatría”: Este protocolo non corresponde a este servizo nin a situación que os leva a convocar ó Comité, xa que os doentes pediátricos trátanse no hospital Materno-Infantil, e nunca na área de urxencias do HUAC, e o incidente ocorrido en Urxencias non ten relación con este protocolo.
- “Procedemento de actuación e apoio ao profesional en episodios de violencia de orixe externa”: Este protocolo como indica o mesmo, o seu obxectivo é definir e establecer a sistemática de actuacións a realizar tras un incidente de violencia de orixe externo no marco xeral do SERGAS. Polo que non contempla medidas preventivas e de protección á saúde dos traballadores nin de forma xeral nin tampouco específica no seu lugar de traballo ante situación graves de violencia como as ocorridas o 3 de febreiro de 2025 no Servizo de Urxencias do HUAC.
- “Normas de puesto”: Non aparece nin a data de elaboración nin autores, ademais aparece o logo do SERGAS xunto co dunha empresa de seguridade privada EULEN, que actualmente non é a que presta os servizos no Hospital de A Coruña. Xa que a empresa que se encarga actualmente da seguridade do HUAC é PROSEGUR. Aínda así non responde de forma adecuada ás medidas

preventivas e de protección da saúde que se debe desenrolar no servizo e na práctica diaria.

Isto evidencia unha negligencia total e absoluta en canto a medidas preventivas e de protección da saúde dos/as traballadores/as da área sanitaria, quedou constatado no suceso do 3 de febreiro cunha agresión con resultado grave a un traballador do servizo de urxencias do HUAC .

Por todo o exposto a Xunta de Persoal da área sanitaria de A Coruña- Cee vese na obriga de solicitar do Conselleiro de Sanidade que proceda a cesar ao Don Luis Verde Remeseiro como Xerente da Área Sanitaria de A Coruña-Cee como máximo responsable desta área; xa que consideramos que os feitos acontecidos o día 3 de febreiro poderían terse evitado.

Lucía Peón Soutiño

Presidenta Xunta de Persoal Área Sanitaria A Coruña e Cee